



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS DE CONTROL, SUPERVISIÓN E VERIFICACIÓN DE LICENZAS, COMUNICACIÓNS PREVIAS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES CON MOTIVO DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Salceda de Caselas establece a taxa por prestación do servizo de actividades administrativas e técnicas de control, supervisión e verificación como consecuencia da apertura dun establecemento suxeito a un réxime de autorización (licenza), declaración responsable ou comunicación previa, dacordo co artigo 20.4 i) do citado Real Decreto Legislativo, modificado pola Disposición Final 1ª do Real Decreto Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e cuxas normas atenden o previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 1. – FEITO IMPOÑIBLE

1. – Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, previa ou posterior, tendente a comprobar, supervisar, verificar e controlar se os establecementos industriais e mercantís, reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto preciso e previo para o otorgamento por este concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do regulamento de Servicios das Corporacións Locais, así como a realización das actividades administrativas de control a posteriori nos supostos nos que a esixencia de licenza se substitúe pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa..

2. – A taxa aplicarase tamén aos supostos de actuación inspectora nos casos en que se constate a existencia de actividades que non foran comunicadas, non estén plenamente amparadas pola correspondente comunicación efectuada ou carezcan da preceptiva autorización previa.

3. – Aos efectos da taxa municipal de apertura de establecementos, constitúe feito imponible non só o disposto nos parágrafos anteriores, senón a prestación de servizos ou a realización de actividades propias da competencia municipal, necesarias para a autorización ou comprobación de calquera modificación no suxeito, obxeto ou contido da licenza de apertura ou declaración responsable de establecementos xa existentes.

4. – Aos efectos da taxa municipal se entenderá como apertura:

- A instalación do establecementos por primeira vez para dar comenzo as súas actividades.
- Cando varie ou se amplie a actividade, ou sufrira alteración o establecemnto, si tal variación esixe una nova verificacións das condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade.
- Cando un establecemento se traslade a outro local.
- Cando se traspase ou cambie o titular do establecemento.

Se entenderá por establecemento industrial ou mercantil aquela edificación habitable esté ou non aberta ao público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

Se adique o exercicio de alguna actividade empresarial, fabril, artesanal, da construción, comercial e de servizos que este suxeita ao Imposto de Actividades Económicas.

ARTIGO 2. – SUXEITOS PASIVOS

1. – Son suxeitos pasivos desta Taxa a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que se sinalan no artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria titulares ou responsables da actividade



e/ou instalación que se pretende exercer, ou no seu caso, se exerce, e que fundamente a actividade de comprobación, verificación ou control exercida pola Administración municipal como consecuencia do otorgamento dunha licenza, da presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa.

ARTIGO 3. – RESPONSABLES

En relación a responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. – BASE IMPONIBLE

A Base da taxa estará constituída pola superficie construída do local.

ARTIGO 5. – COTA TRIBUTARIA

1. – A cota tributaria da Taxa por Apertura de establecementos estará constituída por unha magnitude económica en función da superficie construída do local, segundo o seguinte cadro de tarifas:

a) COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Ata 50 m ²	120,00 €
De 51 m ² a 100 m ²	169,00 €
De 101 m ² a 200 m ²	268,00 €
De 201 m ² a 300 m ²	367,00 €

b) LICENZAS DE APERTURA SEN PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL: SÓ TRIBUTAN POLA SUPERFICIE

Recargo de superficie:

Ata 50 m ²	200,00 €
De 51 m ² a 100 m ²	249,00 €
De 101 m ² a 200 m ²	348,00 €
De 201 m ² a 500 m ²	647,00 €
De 501 m ² a 1000 m ²	1.146,00 €
De 1.001 m ² a 1.500 m ²	1.645,00 €
De máis de 1.500 m ²	400 € por cada 100 m ² ou fracción

c) LICENZAS DE APERTURA CON PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL: 300,00 € MÁIS O RECARGO DE SUPERFICIE

2. – Cambio de titularidade ou calquera outro suposto de tramitación equivalente, que non requira informes técnicos, que non se modifique a actividade nin se realicen obras maiores: 60,00 €.

3. – O custe da publicación dos edictos nos boletíns oficiais, para aquelas actividades que o necesiten, serán por conta do interesado e cobraranse coa liquidación correspondente.

4. – Cando nun establecemento ou local que pertenza a un só titular se vaia a exercer ou se exerzan de feito, máis dunha actividade mercantil ou industrial, e, polo tanto, sexa necesaria a obtención de varias licenzas ou varias declaracións responsables ou comunicacións previas, será necesario temén o pago das distintas taxas de apertura.

5. – Cando se trate de ampliación de superficie para adicar a una actividade que xa conta con licenza, a cota tributaria determinarase en función da superficie na que se ampliou o local.

6. – Cando se trate da realización dunha actividade de tempada, a cota tributaria será proporcional á fracción do ano natural na que se pretenda realizar a actividade, supoñendo que a cota que resulta das tarefas anteriores permite o exercicio continuado durante o ano.

ARTIGO 6. – EXENCIONES

Non se concederán outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais, na cuantía que por cada un deles se conceda.

ARTIGO 7.—DEVENGO

1.—A taxa devengarase e nacerá a correspondente obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade:

- a) En actividades suxeitas a licenza, na data de presentación da oportuna solicitude.
- b) En actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable, na data de presentación do escrito de comunicación do inicio da actividade.
- c) Asimesmo, devengarase a Taxa cando a actividade administrativa sexa consecuencia de actuacións inspectoras, nos casos en que se constate a existencia de actividades que non foran comunicadas, non estean plenamente amparadas pola comunicación efectuada ou carezcan da preceptiva licenza.

2.—A obriga de contribuir surge independente para cada un dos locais onde se realice a actividade.

3.—Con posterioridade á concesión da licenza, a obriga de contribuir, acaecido feito imponible, non se verá afectada de xeito algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada a modificación das condicións do establecemento, nin polo desetimento, renuncia, baixa, caducidade ou, no seu caso, pola clausura do establecemnto.

4.—A obriga de contribuir, acaecido o feito imponible, non se verá afectada de xeito algún, pola baixa dunha actividade da que se efectuou comunicación previa ou declaración responsable, ou no seu caso, pola clausura do establecemnto.

5.—Nos casos de denegación da licenza procederá a devolución do 25% da cota ingresada.

6.—Nos casos de renuncia ou desestimento con anterioridade a concesión da licenza, se procederá a devolución do 50% da cota ingresada.

ARTIGO 8.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—As persoas interesada na obtención dunha licenza de apertura de establecemento mercantil ou industrial presentará, previamente, no rexistro xeral, a oportuna solicitude seguindo o modelo facilitado ao efecto polo Concello, e con especificación da actividade a desenvolver.

2.—No momento de presentar a solicitude dunha licenza de apertura ou dunha declaración responsable ou comunicación previa, efectuarase una liquidación provisional polo importe da cota prevista nesta ordenanza, que o interesado deberá ingresar nalgunha das contas bancarias que o Concello ten abertas nas distintas entidades existentes no municipio. Non se admitirá a trámite presentación alguna sen o xustificante de ingreso da liquidación provisional.

3.—Rematada a actividade municipal, e una vez dictada a resolución municipal que proceda respecto da licenza de apertura, practicarase a liquidación definitiva correspondente, deducíndose da mesma o importe da liquidación provisional que será notificada ao suxeito pasivo.

4.—As declaración responsables ou comunicación previas presentadas polo contribuínte, aos efectos desta Ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa. Finalizada a actividade municipal, practicarase se procede, a liquidación definitiva correspondente que será notificada ao suxeito pasivo.

5.—Se despois de presentada solicitude de apertura ou a declaración responsable ou comunicación previa variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento ou ben ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberán ponerse en comunicación da Administración Municipal.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no artigo 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comenza a aplicarse o día seguinte, premanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Salceda de Caselas, a seis novembro de 2012.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

2012010540

* * *

VILA DE CRUCES**ANUNCIO DE LICITACION**

1. *Entidade Adxudicadora:* Concello de Vila de Cruces.
2. *Expediente:* 2012- 8.
3. *Obxecto do contrato:* Prestación de servizo público de piscina municipal, actividades deportivas e de ximnasio.
4. *Tramitación:*Urxente. Procedemento: Aberto con varios criterios de adxudicación.
5. *Tipo licitación:* 34.956,90 € (28.890,00 € + 6.066,90 € IVE).
6. *Garantía Provisional:* Non se esixe.
7. *Partida Orzamentaria:* 341/227.12.
8. *Criterios para a selección:* Segundo se dispón no prego de cláusulas.
9. *Obtención de información e documentación:* no Concello de Vila de Cruces. Pr. D. Juan Carlos I, s/n. Vila de Cruces. Pontevedra. Teléfono: 986582017. Fax: 986582317. Data límite de obtención de documentos e información: Ata o último día de prazo para á presentación de ofertas, éste incluído.
10. *Requisitos xerais do contratista:* sinalados no prego de cláusulas administrativas.
11. *Presentación de proposicións:*
 - a) Prazo e lugar: No Concello de Vila de Cruces (Pontevedra) durante ós 10 días naturais a contar do seguinte ó da publicación do último anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 8.00 á 15.00 h., no Rexistro Xeral do Concello ou da forma sinalada na cláusula 16 das bases.
 - b) Documentación a presentar: As proposicións presentaranse de conformidade co disposto no prego de clausulas.
12. *Modelo de proposición:* A contida no prego de cláusulas.
13. *Mesa de contratación:*

Presidente: O Alcalde D. Jesús Otero Varela ou concelleiro en quen delegue.

Vogais:

 - 1) Titular: O Secretario da Corporación D^a Patricia Sánchez Castelo, ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - 2) Titular: A Interventora da Corporación D^a Susana Calvo Baleato ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - 3) Titular: Concelleiro de Urbanismo Economía e Infraesturas D. Manuel Souto López. Suplente: D^a M^a Beatriz Sánchez Iglesias.
 - 4) Titular: D^a Margarita Martínez Ruiz. Suplente D^a Mónica Rodríguez Casal.